

Concello de Boiro

DILIXENCIA que se estende para facer constar que este prego foi aprobado en virtude do Resolución da alcaldía número 2024-1136 do 11.09.2024

Boiro, na data que consta na marxe deste documento.
A secretaria municipal,
Ángela Viqueira Allo

Expediente: 4072/2024

Expediente relacionado: 383/2024

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO SUBMINISTRACIÓN
“MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE ESPÍNEIRA:
INSTALACION DE SISTEMAS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA AO ABEIRO DA ORDE DO 4
DE XANEIRO DE 2024 (DOGA NÚM 14 DO 19.01.2024)”**

NOTA INFORMATIVA: Actuación cofinanciada con cargo a subvención concedida pola consellería de Economía, Industria e Innovación, ORDE do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código do procedemento IN519B)

DATOS XERAIS

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE	Concello de Boiro
NÚMERO DE EXPEDIENTE	4072/2024
ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	A Xunta de Goberno Local
UNIDADE XESTORA	Secretaría xeral do concello.
TRAMITACIÓN	Ordinaria
PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN	Aberto Simplificado (artigo 159.1 LCSP)
PERFIL DO CONTRATANTE	http://www.contrataciondelestado.es
REGULACIÓN HARMONIZADA	Non
DIVISIÓN EN LOTES	Non
PROXECTO DE GASTO	2024/2/POLIG/2

DATOS DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

1.- OBXECTO DO CONTRATO	CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN PARA “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE ESPÍNEIRA: INSTALACION DE SISTEMAS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA AO ABEIRO
--------------------------------	--

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Concello de Boiro

	DA ORDE DO 4 DE XANEIRO DE 2024 (DOGA NÚM 14 DO 19.01.2024)”
2.- CODIFICACIÓN: Clasificación de productos por actividades (CPA-2009)	
3.- CODIFICACIÓN: Vocabulario común de contratos (CPV)	35120000-1 Sistemas e dispositivos de vixilancia e seguridade 45311200-2 Traballos de instalación de accesorios eléctricos 51310000-8 Servizos de instalación de equipos de radio, televisión, son e video
4.- NORMATIVA DE APLICACIÓN	<p>A licitación rexerese polo establecido neste prego (PCA); no prego de prescricións técnicas (PPT); na Lei 09/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, no que non estea derogado pola lei; e no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, no que resulte de aplicación.</p> <p>A presentación da proposición supón a aceptación incondicionada do contido dos pregos e a autorización para a consulta dos datos recollidos no ROLECE (ou rexistro autonómico) ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.</p> <p>O presente prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas e demais documentos anexos, revestirán carácter contractual. Os contratos axustaranse ó contido do presente prego de cláusulas administrativas particulares, cuxas cláusulas considéranse parte integrante dos respectivos contratos.</p> <p>No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.</p> <p>O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración, que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ó contratista do seu cumprimento.</p>
5.- VALOR ESTIMADO	45.153,12€
6.- IVE	9.482,16€

Concello de Boiro



Concello de Boiro

7.- ORZAMENTO MÁXIMO LICITACIÓN	<p>O gasto máximo que ó concello poderá suporlle esta contratación ascende á contía de 54.635,28€ (IVE engadido).</p> <p>A actuación está cofinanciada, de acordo coa subvención concedida pola consellería de Economía, Industria e Innovación ORDE do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN519B)</p> <p>No orzamento entenderanse comprendidos, ademais dos custos que se deriven directamente da execución do contrato, cantos gastos poida producir ó adxudicatario a realización deste contrato, persoal, materiais, produtos, etc., de conformidade co disposto neste prego e cantos outros puidesen derivarse da adxudicación deste contrato.</p>
8.-CARTEIS E FOTOGRAFÍAS	<p>CARTEIS</p> <p>Deberá incluírse, como obriga do contratista, a colocación dun cartel informativo no lugar de execución da actuación, conforme ao modelo recollido no anexo IV da Orde da consellería de Economía, Industria e Innovación do 4 de xaneiro de 2024 (DOG NÚM 14 do 19.01.2024), que deberá permanecer instalado durante todo o período de execución do proxecto. Unha vez finalizada a execución da actuación, o cartel substituirase por unha placa explicativa permanente, conforme ao modelo indicado no anexo V da Orde do 4 de xaneiro de 2024. A devandita placa debe ser dun material resistente (aluminio, metacrilato ou similar) e cun tamaño mínimo A4.</p> <p>Estarase as instrucións do responsable do contrato para a colocación do cartel e da placa explicativa.</p> <p>Asemade, o contratista estará obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos necesarios para a realización dos traballos de conformidade co disposto na normativa que resulte de aplicación, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo dos traballos ata a súa total terminación, sendo personalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.</p> <p>FOTOGRAFÍAS</p> <p>Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar a administración en formato dixital fotografías da colocación do cartel sobre o proxecto durante o desenvolvemento dos traballos de acordo coas instrucións facilitadas polo Concello de Boiro.</p>
9.- REVISIÓN DE PREZOS	Non procede



Concello de Boiro

10.- TAXAS DO CONTRATO	0 €
11.- IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE POR CONTA DO CONTRATISTA	Serán de conta do contratista os gastos relativo á colocación do indicado na cláusula 8 deste prego.
12.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA	433/63301 PROXECTO DE GASTO: 2024/2/POLIG/2
13.- PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) MES de acordo coa memoria técnica.
14.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA	Non se esixe clasificación.
15.- REQUISITOS DE APTITUDE	<p><u>Capacidade de obrar:</u> Están facultadas para contratar as persoas naturais e xurídicas, españolas e estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar conforme os artigos 65 e 66 da LCSP (acreditarse nos termos do artigo 84 da LCSP).</p> <p>Asemade, deberán contar coa <u>habilitación empresarial ou profesional</u> que, no seu caso, sexa exigible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.</p> <p><u>Prohibicións de contratar:</u> previstas no artigo 71 da LCSP (acreditarse nos termos do artigo 85 LCSP).</p> <p><u>Solvencia económica e financeira:</u> acreditarase mediante calquera dos medios previstos no artigo 87.1 LCSP.</p> <p>En todo caso a póliza de seguros de responsabilidade civil fronte a terceiros deberá cubrir todos os danos materiais e persoais que se poidan ocasionar como consecuencia do cumprimento do contrato e ser por contía non inferior a 300.000 €.</p> <p><u>Solvencia técnica:</u> acreditarase mediante calquera dos medios previstos no artigo 89.1 LCSP.</p> <p>En todo caso, de conformidade co disposto no artigo 96 e 97 e 159.4 a) da LCSP, todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando proceda de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concurrencia.</p> <p>Para estes efectos, tamén considerarase admisible a proposición do licitador que acredite haber presentado a solicitude de inscrición no correspondente</p>



Concello de Boiro

	<p>Rexistro xunto coa documentación preceptiva para o mesmo, sempre que tal solicitude sexa de data anterior a data final de presentación das ofertas. A acreditación desta circunstancia terá lugar mediante a aportación do acuse de recibo da solicitude emitido polo correspondente rexistro e dunha declaración responsable de haberse aportado a documentación preceptiva e de non haberse recibido requirimento de subsanación. No caso dun empresario extranxeiro dun estado membro da Unión Europea ou signatario do espazo económico europeo, estar inscrito nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea, fará proba da clasificación e da aptitude para contratar.</p>
16.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	<p>De xeito electrónico a través do perfil do contratante (https://contrataciondelestado.es)</p>
17.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	<p>15 DÍAS NATURAIS a contar dende o seguinte á publicación da licitación no perfil do contratante.</p>
18.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR	<p>Presentarase un único sobre, nos termos do artigo 159.4 d/ LCSP, no que constará o anexo I deste prego nun arquivo en formato dixital PDF con sinatura electrónica.</p> <p>De empregarse outro modelo distinto ao anexo I, o licitador será excluído da licitación.</p> <p>Incluirase <u>MEMORIA DESCRIPTIVA</u> das características técnicas das cámaras ofertadas, na que se incluírá a ficha de características técnicas do modelo ofertado e, de ser o caso, calquera outra documentación técnica que permita acreditar suficientemente o cumprimento das características mínimas que deben reunir as cámaras esixidas na memoria técnica que ten o carácter de Prego de prescricións técnicas desta licitación.</p> <p>Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base da licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición ou existise recoñecemento por parte de licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada en resolución motivada.</p>
19.- MESA DE CONTRATACIÓN	<p>Ao abeiro do disposto no art 326 LCSP en relación coa DA II.7 do mesmo texto normativo, a Mesa de contratación estará constituída:</p> <p>Presidente/a: o alcalde ou concelleiro en quen delegue</p> <p>Vogais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Secretario/a municipal ou persoa que o substitúa <input type="checkbox"/> Interventor/a municipal ou persoa que a substitúa <input type="checkbox"/> J. Emilio Piña Ordíz, arquitecto municipal <p>Secretario/a: un/unha funcionario/a da Corporación</p>
20.- APERTURA	<p>A apertura das ofertas efectuarase pola Mesa de contratación en acto público.</p>



Concello de Boiro

<p>E VALORACIÓN DAS OFERTAS</p>	<p>A apertura das proposicións realizarase unha vez rematado o prazo para a súa presentación. Unha vez abertas as ofertas e valoradas publicarase o resultado no perfil do contratante.</p> <p>O concello poderá solicitar calquera documentación adicional que estime necesaria.</p>
<p>21.- CRITERIOS DE VALORACIÓN</p>	<p>Criterios cuantificables mediante fórmulas e de forma automática:</p> <p>1. Factor prezo: Máximo 90 puntos de acordo coa seguinte fórmula: 90x oferta máis económica/oferta a valorar: puntuación da oferta.</p> <p>As ofertas económicas que presenten os licitadores non poderán superar en ningún caso o importe sinalado como orzamento base de licitación. Este prezo poderá ser mellorado á baixa polos licitadores.</p> <p>2. Redución do prazo de entrega da subministración (incluída a instalación e posta en funcionamento) : Máximo 10 puntos. Por cada día de redución do prazo de entrega respecto do indicado nos pregos outorgarase 1 punto, cun máximo de 10 puntos.</p> <p>O total máximo de redución do prazo de entrega sería de dez días.</p> <p>Non se valorarán fraccións inferiores a un día.</p> <p>A proposición que non oferte ningunha redución no prazo de entrega obterá 0 puntos neste criterio.</p> <p>Total puntuación máxima posible na licitación: 100 PUNTOS.</p>
<p>22.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS</p>	<p>Considerarase, en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición incursa nalgún dos supostos do artigo 85 do RXLCAP, apartados 1, 2, 3 e 4.</p> <p>O criterio obxectivo para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta será a adecuada xustificación dos prezos ofertados.</p> <p>O procedemento é o descrito no artigo 149 da LCSP. O prazo de xustificación da oferta será de tres días hábiles.</p>
<p>23.- CRITERIOS DE DESEMPATE</p>	<p>O previsto no artigo 147.1 a) da LCSP (preferencia na adxudicación dos contratos ás proposicións presentadas por aquelas empresas que teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por cento; terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal).</p> <p>En caso de persistir o empate, resolverase mediante sorteo.</p>
<p>24.- DOCUMENTACIÓN ADXUDICACIÓN</p>	<p>Unha vez finalizada a apertura das ofertas a Mesa de contratación formulará a proposta correspondente requiríndose ao licitador que presentara a mellor oferta, mediante notificación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles aachege os documentos acreditativos de:</p>



Concello de Boiro

	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario e a representación (copia notarial do poder de representación, bastanteado inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente; fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade). • Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da LCSP. • Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. • Acreditación de estar dado de alta no IAE no epígrafe correspondente e ao corrente no pagamento da última cota. • Xustificante da constitución da garantía definitiva. • Certificado de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia tritutoria estatal, coa administración autonómica, co Concello de Boiro, de ser o caso, e coa Seguridade Social. <p>A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.</p>
25.- MEDIOS DE NOTIFICACIÓN	<p>Calquera tipo de notificación, comunicación ou requirimento realizarase a través do perfil do contratante ou do servizo de notificacións da sede electrónica do concello.</p> <p>Advírtese de que os avisos da posta á disposición da notificación enviaranse ao correo electrónico que facilitara o licitador; de non ser posible utilizar esta plataforma as notificacións realizaranse a través de correo electrónico; terase en conta que o correo electrónico que se facilite ao concello deberá coincidir co correo electrónico que se facilite na plataforma de notificacións, de xeito que o licitador poda recibir os avisos de posta a disposición de novas notificacións así como recordatorios que emite a plataforma de xeito automático cando existe unha notificación administrativa efectuada; só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada</p>
26.- GARANTÍAS	<p>Provisional: non se esixe</p> <p>Definitiva: 5% importe adxudicación (IVE excluído)</p>
27.- ADXUDICACIÓN	Nos termos dos artigos 150, 151 e 159.4 LCSP.
28.- FORMALIZACIÓN	A formalización levarase a cabo nos termos do artigo 153 LCSP e publicarase no perfil do contratante nun prazo de 15 días naturais tras o perfeccionamento do contrato nos termos do artigo 154 LCSP.
29.-EXECUCIÓN	O contrato executarase a risco e ventura do contratista adxudicatario (artigo



Concello de Boiro

	<p>197 da LCSP).</p> <p>O concello non terá relación xurídica ou laboral de ningunha índole co persoal que o adxudicatario teña contratado ou contrate para a execución deste contrato, durante todo o tempo de tal prestación, sendo de conta do contratista todas as obrigas e responsabilidades que nazan con ocasión deste contrato.</p>
30.- RESPONSABLE DO CONTRATO	<p>O órgano de contratación de acordo co regulado no artigo 62 da LCSP nomeará un responsable do contrato con facultades de supervisión e capacidade para dar instrucións sobre a execución do contrato co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada de acordo co recollido na LCSP e no Real Decreto 1098/2011, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGCAP).</p> <p>O responsable do contrato, conforme se establece no artigo 62.1 da LCSP supervisará a súa execución e adoptará as decisións e instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.</p>
31.- MODIFICACIÓN S DO CONTRATO	<p>Non se prevén modificacións, polo que estarase ao disposto no artigo 205 da LCSP</p>
32.-CESIÓN E SUBCONTRATACION	<p>Rexeranse polo disposto nos artigos 214 e 215 da LCSP.</p>
33.- DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO	<p>O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.</p> <p>O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.</p> <p>Ademais son obrigacións específicas do contratista as seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) indemnizar polos danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do contrato, agás cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración. 2) cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento desta cláusula así como cumprimento da normativa laboral aplicable así como o convenio colectivo que resulte de aplicación. 3) as obrigas do pagamento das cotas da Seguridade Social do seu persoal. 4) toda clase de impostos que se devenguen pola realización do obxecto do contrato, honorarios e taxas xudiciais de toda orde que este Concello se vira



Concello de Boiro

	obrigado a utilizar para o cumprimento do contrato a que se refire este prego de condicións.
34.- CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN LABORAL, SOCIAL E MEDIOAMBIEN TAL	<p>O contratista, en particular, obrígase a:</p> <p>1) contratar o persoal e a maquinaria necesarios para a execución do contrato. O dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, por canto este terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario e quedará o adxudicatario obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral e social e das demais que sexan aplicables e que se poidan promulgar durante a execución do contrato.</p> <p>2) substitución do persoal por vacacións ou permisos, representación sindical ou baixa farase de forma inmediata e será por conta do adxudicatario de tal maneira que a execución do contrato non sufra ningunha merma ou prexuízo. En todo caso, o aumento do cadro de persoal ou da xornada laboral do persoal adscrito inicialmente ó contrato, salvo que se trate de substituír persoal por licenzas, vacacións, representación sindical, permisos ou baixas mentres duren estas, require que se proceda á súa motivación, así como autorización expresa do Concello;</p> <p>3) en ningún caso se establecerá relación algunha entre o persoal contratado polo contratista e o Concello, nin asumirá este último obriga algunha de incorporación ó cadro de persoal ou indemnización ó termo do presente contrato. Se en virtude de sentenza xudicial ou laudo, convenio colectivo ou calquera normativa normativa na materia se obrigase ó Concello a asumir calquera obriga respecto ó persoal, o contratista indemnizará ó Concello na contía equivalente ó custo de indemnizacións por despedido, costas xudiciais, salarios, cotizacións sociais e retencións ou pago de impostos non satisfeitos, así como calquera outro custo derivado do mesmo imputado ó Concello. Igualmente será indemnizado o Concello polos seguintes conceptos, cando en virtude do artigo 44 do Estatuto dos traballadores ou convenio colectivo el persoal adscrito ó contrato deba ser subrogado ó termo do contrato por un novo adxudicatario ou en último caso o propio Concello, determinándose o importe da indemnización polo sobrecusto derivado dos ditos conceptos durante un período de catro anos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> sobrecusto derivado de incrementos retributivos do dito persoal acordados por negociación colectiva por parte do contratista durante a execución do contrato por enriba do convenio colectivo vixente de ámbito superior á empresa correspondente, e se non existira, por enriba do IPC dos anos de duración do contrato. <input type="checkbox"/> ampliación do cadro de persoal ou aumento de xornada laboral do persoal sen a autorización expresa do Concello <input type="checkbox"/> importe dos salarios, indemnizacións, cotizacións sociais e retencións o pago de impostos non satisfeitos concernentes ós traballadores <p>4) designar un representante, o cal será localizable por teléfono móbil en todo momento, que será o único interlocutor entre a empresa e o Concello e velará pola correcta execución das prestacións obxecto deste contrato e porque os traballadores destinados á súa execución non realicen outras tarefas diferentes que as contratadas. Este representante velará expresamente que os traballadores non acaten ordes directas de ningún traballador ou representante</p>



Concello de Boiro

	<p>municipal, salvo casos excepcionais debidamente motivados.</p> <p>5) xestión do persoal, que salvando os mínimos esixidos polos pregos que rexen a contratación, é de exclusiva responsabilidade do contratista, polo que a presentación da oferta para concorrer a esta licitación implica que este levará a cabo unha política de persoal responsable e dilixente, e por tanto calquera folga ou conflito colectivo do persoal ó seu cargo así como no seu caso das subcontratas, con independencia dos motivos que a provocaran, non poderá supoñer un prexuízo</p> <p>6) xustificar de modo fidedigno ante o propio Concello, xunto á prestación da factura a aboar, que se atopa ao corrente no pago das cotas da seguridade social correspondentes aos traballadores adscritos á execución do presente contrato, mediante a presentación dos correspondentes TC1/RLC e TC2/RNT;</p> <p>7) en calquera momento da execución do contrato e a petición do Concello, o adxudicatario deberá demostrar acharse ao corrente no abono de nóminas aos seus traballadores, mediante a aportación de copias das nóminas de tódolos empregados da empresa que participen na execución do contrato, así como os documentos que xustifiquen o pago da Seguridade Social de ditos traballadores e certificados de estar ao corrente do pago á Seguridade Social;</p> <p>8) se en calquera momento sofren atraso o pago das nóminas do persoal ou da Seguridade Social ou do IRPF dos traballadores, previamente retido polo contratista como empresario, o Concello de Boiro poderá reter a cantidade mensual que corresponda ao pago ao contratista coa fin de que se realicen os abonos por tales conceptos, e mesmo podería incautar parte da garantía definitiva, co obxecto de que ditas obrigas estean, en todo momento, debidamente cumpridas. Neste último caso, se retería o pago da cantidade das mensualidades correspondentes ata chegar de novo á cantidade completa da garantía;</p> <p>9) está obrigado ao cumprimento da normativa ambiental e laboral que resulte de aplicación. Así mesmo o adxudicatario está obrigado ao cumprimento das condicións salariais dos traballadores conforme ao convenio colectivo de aplicación e demais normativa que lle resulte aplicable.</p>
35.- CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.	<p>Para os efectos de cumprir co disposto no artigo 202 LCSP sobre condicións especiais de execución do contrato de carácter medioambiental ou social, fíxase para este contrato a seguinte:</p> <p>Mantemento e mellora dos valores medioambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato, polo que o contratista deberá garantir a recollida selectiva dos residuos xerados durante a execución do contrato.</p> <p>O cumprimento da execución desta condición especial acreditarase mediante fotografías acreditativa da separación efectiva dos residuos.</p> <p>No entanto, o Concello de Boiro poderá adoptar as medidas que estime precisas para comprobar en calquera momento o cumprimento das condicións especiais de execución do contrato.</p> <p>O incumprimento desta condición especial de execución poderá dar lugar á</p>



Concello de Boiro

	<p>imposición de penalidades de acordo coa cláusula 36 deste prego.</p>
<p>36.- PENALIDADES POR INCUMPRIMEN TO</p>	<p>Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en incumprimento defectuoso, de conformidade co disposto no artigo 192 LCSP, a Administración imporalle penalidades semanais do 10 % do prezo de adxudicación (ive excluído) ata chegar ao límite do 50 % do prezo do contrato.</p> <p>No caso de incumprimento parcial, por causas imputables ao contratista, dacordo co disposto no artigo 192.2 LCSP, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias de 100 euros.</p> <p>En caso de que o contratista incorrera en mora no cumprimento do prazo total ou parcial do contrato por causas imputables a el, o Órgano de Contratación, sen necesidade de intimación previa, poderá optar pola resolución do contrato, ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.</p> <p>Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do cinco por cento (5%) do prezo do contrato, IVE excluído, o Órgano de Contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo, ou acordar a continuidade da execución con imposición de novas penalidades diarias, na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.</p> <p>As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.</p>
<p>37.-RECEPCIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE GARANTÍA</p>	<p>Cumprido o contrato, o contratista procederá á entrega da subministración no lugar e hora indicadas polo Concello facéndoo constar mediante escrito presentado no rexistro do Concello de Boiro. Ao acto de recepción deberá asistir un representante da administración, un técnico municipal e o representante do contratista, para os efectos de comprobar que reúne todos os requisitos do prego de condicións técnicas.</p> <p>A recepción deberá realizarse coa participación da intervención municipal segundo o disposto na DA III LCSP.</p> <p>A acta de recepción deberá levantarse no prazo máximo dun mes desde a entrega. No caso de observarse algún defecto ou por calquera motivo o sistema e/ou instalación e/ou maquinaria non se atopa en estado de ser recibidos farase constar así nesta e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado, sen prexuízo das correspondentes penalidades por demora na prestación da subministración e/ou a indemnización dos danos e prexuízos causados, de ser o caso.</p> <p>O prazo de garantía do presente contrato será como mínimo o establecido no prego de prescricións técnicas e neste prego e no seu caso o establecido na Lei contados desde a data da acta de recepción positiva. Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía procederase á devolución da garantía definitiva, de acordo co previsto nos artigos 111 e 210 da LCSP.</p>



Concello de Boiro

	<p>Se durante o prazo de garantía se acreditara a existencia de vicios ou defectos na subministración, terá dereito o Concello a reclamar ao empresario a reposición do ben ou á reparación do mesmo se fose suficiente.</p> <p>Se a administración estimase, durante o prazo de garantía que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao empresario, estarase ao disposto no artigo 305.3 da LCSP.</p> <p>Rematado o prazo de garantía sen que o Concello formalizase algún dos reparos ou a denuncia á que se refiren os apartados 1 e 3 do artigo 305 da LCSP, estarase ao disposto no artigo 305.4 da LCSP.</p>															
<p>38.- FACTURA</p>	<p>A factura deberá presentarse a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) e axustarse ao establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, que aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación (BOE núm. 289 de 01 de decembro de 2012) ou normativa que a substitúa, incumbíndolle ao contratista o cumprimento destas obrigacións. Unha vez cumprido este requisito, iniciarase o cómputo dos trinta días naturais para que a Administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obrigación; non entanto, si a documentación presentada adoecece dalgún defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, non iniciándose o prazo sinalado ata que os documentos se presenten de novo a través da sede electrónica do concello debidamente emendados.</p> <p>Unha vez aprobada a factura e recoñecida a obrigación de pago, o concello deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.</p> <p>En atención ao previsto no art 4 da lei 25/2013 de 27 de decembro de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público os datos necesarios para poder cumprimentar o rexistro da factura electrónica son:</p> <table border="1" data-bbox="418 1335 1391 1608"> <thead> <tr> <th></th> <th>Destinatario</th> <th>Órgano gestor</th> <th>Unidad contable</th> <th>Unidad tramitadora</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td></td> <td>Concello de Boiro</td> <td>Xunta de Goberno</td> <td>servicio de contabilidade</td> <td>servicio de contabilidade</td> </tr> <tr> <td>CÓDIGO DIR</td> <td>L01150119</td> <td>LA0004316</td> <td>LA0004568</td> <td>LA0004568</td> </tr> </tbody> </table>		Destinatario	Órgano gestor	Unidad contable	Unidad tramitadora		Concello de Boiro	Xunta de Goberno	servicio de contabilidade	servicio de contabilidade	CÓDIGO DIR	L01150119	LA0004316	LA0004568	LA0004568
	Destinatario	Órgano gestor	Unidad contable	Unidad tramitadora												
	Concello de Boiro	Xunta de Goberno	servicio de contabilidade	servicio de contabilidade												
CÓDIGO DIR	L01150119	LA0004316	LA0004568	LA0004568												
<p>39.-RÉXIME DE RECURSOS</p>	<p>Este contrato ten carácter administrativo, e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado. As cuestións litixiosas que xurdan sobre a preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción deste contrato administrativo serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os que poderá formalizarse o recurso contencioso-administrativo, de conformidade co disposto no artigo 27.1.a) da LCSP e co previsto pola Lei reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer previamente o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 01</p>															



Concello de Boiro

	de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estimen pertinente interponer.
40.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN	Non procede.
41.-REVISIÓN DE OFICIO	A revisión de oficio dos actos preparatorios e os actos de adjudicación do procedemento que se rexe por este prego efectuarase de conformidade co establecido no Capítulo primeiro do Título V, Capítulo I da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, de acordo co previsto no artigo 41.1 da LCSP
42.- PROTECCIÓN DE DATOS	O contratista deberá cumprir o RGPD, a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa de aplicación vixente en materia de protección de datos. O sometemento da persoa contratista á normativa sobre protección de datos constitúe unha obriga esencial para os efectos do previsto na letra f) do apartado 1 do artigo 211 da LCSP. Para o indicado, e en aplicación da disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, a persoa contratista terá a consideración de encargado do tratamento no caso no que a contratación implique o acceso do contratista a datos de carácter persoal de cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante. Neste suposto, o acceso a esos datos non se considerará comunicación de datos, cando se cumpla o previsto no artigo 28 do RGPD. En todo caso, as previsións deste deberán constar por escrito.



Concello de Boiro

ANEXO I: MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA ECONÓMICA

"D./D^a D.N.I. nº domicilio en código postal.....en nome e representación de teléfono .
..... coñecedor da licitación do contrato denominado **"MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE ESPÍNEIRA: INSTALACION DE SISTEMAS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA AO ABEIRO DA ORDE DO 4 DE XANEIRO DE 2024 (DOGA NÚM 14 DO 19.01.2024)"** e dos pregos de condicións que o regulan,
DECLARO:

1º) Que cumpro as condicións establecidas para contratar coa administración de conformidade co exposto no art. 65 e 159.4 c/ da LCSP; comprometéndome no seu caso a acreditarlo ante o órgano de contratación, a requirimento do concello.

2º) Autorizo ao concello de Boiro para que as comunicacións relacionadas con esta licitación se efectúen a través do Sistema de Notificación Electrónica do concello de Boiro.

En consecuencia, COMUNÍCASE que os avisos da posta á disposición das notificacións enviaranse ao correo electrónico seguinte: _____ -

As notificacións enviaranse á seguinte persoa (indicar só unha):

- persoa física (representante): _____, co DNI: _____.

- persoa xurídica (empresa): _____, co NIF/CIF: _____.

Asemade, en caso de que as notificacións non se puideran realizar a través do portal de notificacións electrónicas do Concello de Boiro, COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico anteriormente indicado.

3º) Que a empresa cumpre cos requisitos de solvencia económica e financeira e técnica e profesional exixidos. Que o seu obxecto social comprende o desenvolvemento de todas as actividades que constitúen o obxecto do contrato ao que concorre e que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.

4º) Que non incorre en ningunha das causas as que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio de alto cargo da Administración Xeral do Estado, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réximo electoral xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

5º) Que a empresa atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica, de non ter débedas co Concello de Boiro de ser o caso, ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social e en calquera das situacións previstas na normativa en relación co imposto de actividades económicas nos termos establecidos nas disposicións vixentes.

6º) Indicación da inscrición no ROLECE así como no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, de ser o caso

- Número de inscrición ou código de identificación:

Así mesmo, declárase baixo responsabilidade que as circunstancias de aptitude para contratar inscritas no/s rexistro/s son exactas e non experimentaron variación á data da sinatura desta declaración.



Concello de Boiro

7º) Declaro, de ser o caso:

1º Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade de _____.

2º Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %.

8º) Coñezo e acepto de xeito incondicionado cantas obrigas se derivan do PCAP e do PPT deste contrato.

9º) Que dispoño dos medios materiais e/ou persoais para a realización do obxecto do contrato e conto coa habilitación profesional ou empresarial requirida.

10º) Que me comprometo a cumprir coas condicións especiais de execución.

11º) Declaro estar dado de alta no IAE no epígrafe correspondente e estar ao corrente no seu pagamento.

12º) Fago constar que nesta licitación (indíquese o que proceda):

	Non concorro con empresas vinculadas
	Concorro coa/s seguinte/s empresa/s:

13º) No caso de empresas extranxeiras: Que acepto expresamente o sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois para resolver todas as incidencias que poidan xurdir con renuncia ao foro xurisdicional estranxeiro que lle puidera corresponder.

14º) Comprométome a executar este contrato polo prezo que de seguido se detalla:

Prezo sen IVE:

IVE:

Prezo Total:

(indicar en número e letra)

15º) Que ofrezco unha redución do prazo de entrega da subministración, incluída a instalación e posta en funcionamento, dedías, sobre o prazo de execución fixado no prego de prescricións técnicas. Sendo o total dedías de redución do prazo de execución.

(No caso de non ofrecer incremento indicar cero)

16º) Que me comprometo ao estricto cumprimento da normativa europea e estatal en materia de protección de datos.

17º) En documento aparte presento a MEMORIA DESCRIPTIVA das características técnicas das cámaras ofertadas, na que se incluírá a ficha de características técnicas do modelo ofertado e, de ser o caso, calquera outra documentación técnica que permita acreditar suficientemente o cumprimento das características mínimas que deben reunir as cámaras esixidas na memoria técnica que ten o carácter de Prego de prescricións técnicas desta licitación.

18º) No caso de ter realizado a mellor oferta, autorizo ao Concello de Boiro a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das miñas obrigas tributarias co Estado, coa administración autonómica e coa Seguridade Social para os efectos deste procedemento de contratación, de acordo co establecido na Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de



Concello de Boiro

sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación.

19º) Que a empresa a que representa: (*marque cun X a opción que corresponda*):

<input type="checkbox"/>	Emprega a máis de 50 traballadores/as e cumpre co establecido no apartado 2 do artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade
<input type="checkbox"/>	Emprega a 50 ou menos traballadores/as e en aplicación do convenio colectivo aplicable, cumpre co establecido no apartado 3 do artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade.
<input type="checkbox"/>	En aplicación do apartado 5 do artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a empresa non está obrigada á elaboración e implantación dun plan de igualdade.

20º) Cubrir este apartado no caso de unións temporais de empresas:

D/Dña.con DNI.....actuando en nome propio ou en representación da empresa.....con NIF.....domicilio a efectos de notificacións ende acordo coa escritura de poder núm.....teléfono de contacto....e correo electrónico.....

(Repetir apartados no caso de máis empresas)

DECLARAN BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

a) Que manifestan a súa vontade de constituír unha unión temporal de empresas (UTE) comprometéndose, no caso de resultar adxudicatarios do contrato obxecto de licitación, a formalizar a constitución de dita UTE en escritura pública.

b) Que a participación que cada empresa ostentará na UTE será a seguinte (expresado en porcentaxe): A)....% B)....%

c) Que, para os efectos mencionados, nomean como representante único da UTE a

*d) Que igualmente nomean como domicilio único e válido para as notificacións os seguinte:
.....*

O LICITADOR

_____ de _____ de 2024

Boiro, na data que figura na marxe

O concelleiro de Obras e Servizos

Documento asinado electronicamente

